



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O
DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2021**

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Manuel Blanco López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Bello López.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 12 de febreiro de 2021, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

**1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS
DÍAS 4 DE DECEMBRO DE 2020 E 1 DE FEBREIRO DE 2021.**

Abre a sesión o Sr. Alcalde agradecendo á Sra. Louro e ao Sr. López á súa disposición para facer coincidir o Pleno ordinario co do orzamento e así non ter que celebrar dúas sesións case



seguidas.

De seguido pregunta se por parte dos concelleiros se quere formular algunha observación ao borrador das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO 2021.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

*“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO.
APROBACION INICIAL ORZAMENTO 2021.*

Visto o Orzamento do Concello para o exercicio económico 2021 formado por esta Alcaldía, coas súas bases de execución, anexos preceptivos e documentación complementaria, e a plantilla de persoal para o exercicio 2021, de acordo co disposto no artigo 162 e seguintes do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia co artigo 18 do Real Decreto 500/1990 e a Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e vistos os informes de estabilidade e de secretaría-intervención; propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente, de conformidade co establecido no artigo 112 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e no artigo 168 do texto refundido, o Orzamento Xeral do Concello de Mesía para o exercicio 2021, que inclúe as súas Bases de Execución e demais documentación preceptiva, e que presenta, como resumo por capítulos orzamentarios, o seguinte desglose. Conxuntamente apróbase inicialmente a plantilla de persoal correspondente o exercicio 2021.

INGRESOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	IMPOSTOS DIRECTOS	451.400,00 €
CAPÍTULO II	IMPOSTOS INDIRECTOS	50.000,00 €
CAPÍTULO III	TAXAS E OUTROS INGRESOS	265.397,68 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	1.365.835,95 €
CAPÍTULO V	INGRESOS PATRIMONIAIS	7.100,00 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		2.139.733,63 €
2. OPERACIÓN DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	ENAXENACIÓN INVESTIMENTOS REAIS	0,00 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	601.283,60 €
TOTAL OPERACIÓN DE CAPITAL		601.283,60 €
B. OPERACIÓN FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO INGRESOS		2.743.017,23 €



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

GASTOS, RESUMO POR CAPÍTULO		
A. OPERACIÓNS NON FINANCIERAS:		
1. OPERACIÓNS CORRENTES:		
CAPÍTULO I	GASTOS DE PERSONAL	925.486,02 €
CAPÍTULO II	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	917.765,34 €
CAPÍTULO III	GASTOS FINANCIEROS	1.000,00 €
CAPÍTULO IV	TRANSFERENCIAS CORRENTES	136.822,55 €
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES		1.981.073,91 €
2. OPERACIÓNS DE CAPITAL:		
CAPÍTULO VI	INVESTIMENTOS REAIS	759.943,32 €
CAPÍTULO VII	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00 €
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL		759.943,32 €
B. OPERACIÓNS FINANCIERAS:		
CAPÍTULO VIII	ACTIVOS FINANCIEROS	2.000,00 €
CAPÍTULO IX	PASIVOS FINANCIEROS	0,00 €
TOTAL ORZAMENTO GASTOS		2.743.017,23 €

PLANTILLA DE PERSOAL DO CONCELLO DE MESÍA

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Funcionarios	Nº de Prazas	Grupo	Escala o Sector	Nivel	Situación
Secretario- Interventor	1	A1/A2	HE	30/28	Propiedade
Administrativo	1	C1	A.Xeral	22	Propiedade
Administrativo	1	C1	A. Xeral	22	Propiedade
Subalerno	1	E	A.Xeral	14	Propiedade

B) PERSOAL LABORAL TEMPORAL

Denominación	Nº de Prazas	Vacantes
Técnico especialista en redes	1	0
Peón-condutor	2	0
Asistente domiciliaria	1	0
Encargada da limpeza	1	0
Limpadora	2	0
Conserxe do colexio	1	0
Peón	4	1
Auxiliar axuda a domicilio	12	0
Monitor deportivo	1	0
Monitor tempo libre	1	1
Traballadora social	1	0
Educadora familiar	1	0
Auxiliar servizos sociais	1	0
Técnico de emprego	1	0
Animador deportivo	1	0
Socorrista	2	2

Segundo.- Expoñer ao público o expediente e darlle a publicidade establecida no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publicando o pertinente anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do concello, ós efectos de que no prazo dos quince



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

días seguintes a súa publicación poidan examinalo os interesados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Terceiro.- O presente acordo entenderase aprobado definitivamente se durante o prazo de exposición ó público non se presentan reclamacións. Neste caso procederase a súa publicación, debidamente resumido por capítulos, no BOP. Si se presentasen reclamacións, serán resoltas polo Pleno.

*En Mesía, na data da sinatura electrónica.
O ALCALDE,
Asdo. Mariano Iglesias Castro"*

Manifesta o Sr. Alcalde que o orzamento conta con todos os documentos legalmente esixibles. Cabe destacar que para este ano están suspendidas as regras fiscais. Voullas detallar brevemente a qué corresponde cada un dos capítulos da proposta. En canto aos ingresos, o capítulo 1, 17.000,00€ máis que o ano pasado, inclúe os impostos sobre bens inmobles, rústica e urbana, características especiais, vehículos e actividades. Tívoise en conta, como para todos os capítulos, a evolución da recadación dos pasados exercicios, non tanto o ano pasado, que foi un tanto anómalo. No capítulo 2 recóllese o imposto de obras. No capítulo 3 recóllense os ingresos derivados de, entre outros, as taxas do PAI, recollida de lixo, expedición de licencias, servizo de axuda no fogar, podoloxía e fisioterapia, ou actividades culturais e deportivas. O capítulo 4 increméntase uns 145.000,00€ respecto do ano pasado, e recolle as achegas de entidades supramunicipais, incluíndo a participación nos tributos do Estado, 424.000,00€, 60.000,00€ menos que o ano pasado, o fondo de cooperación autonómico, así como subvencións da Xunta, tales como o plan concertado de servizos sociais, técnico de emprego, limpeza do CPI ou incendios. Tamén inclúe as subvencións da Deputación, como técnico deportivo, socorristas, o gasto corrente do POS ou o convenio de financiamento da aula museo de Brañas da Valga. En total, 1.365.000,00€. No capítulo 5 contémpanse os ingresos de aluguer do edificio da farmacia e os intereses das contas nos bancos.

O montante total dos ingresos correntes son suficientes para atender o gasto corrente, resultando que a diferenza é a cantidade destinada polo concello a inversión con fondos propios, como máis adiante lles comentarei ao falar do anexo de inversións, que se relaciona co capítulo 7 de ingresos. As aportacións supramunicipais en subvencións de capital son: 255.000,00€ do Estado para a obra do IDAE do alumeadado público, 23.000,00€ da Xunta no Plan de mellora de camiños, e 323.000,00€ da Deputación para as obras do POS e un depósito en Cumbraos. No capítulo 8 consígnanse 2.000,00 € para o caso de reintegro de anticipos ao persoal. O total do orzamento supón un 9% máis que o do ano pasado.

En canto aos gastos, o capítulo 1 comprende as retribucións de todo o persoal, corenta e unha persoas, catro funcionarios, trinta e cinco laborais e dous cargos con dedicación exclusiva, incluíndo a nova inclusión de dúas traballadoras do PAI. Contémpanse os incrementos salariais legais e, así mesmo, adecúase a retribución dun peón das Brañas que ven desenrolando funcións de máis responsabilidade, aos efectos de equiparar o seu salario co do outro operario que traballa alí, facendo ambos as mesmas funcións. Hai catro vacantes, dous socorristas, un monitor que se prevé, no seu caso, para o verán, e un peón para a época de desbroce. No capítulo 2 inclúese o gasto de funcionamento ordinario do concello, arrendamentos, aluguer de maquinaria, reparacións, materiais ou subministros, tales como alumeadado público, servizos informáticos, alarmas, ascensores, gasóleo, seguros, xestoría, abastecemento de auga, alcantarillado, SOGAMA, xestión do punto limpo, abarcando tanto os gastos da casa consistorial



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

como da casa da cultura, locais sociais e demais instalacións municipais. Tamén inclúe o gasto en maquinaria e vehículos municipais, así como o custe do PAI. Incrementábase respecto do pasado exercicio en 45.000,00€. No capítulo 3 recóllense os gastos financeiros, aínda que non se prevén operacións financeiras. O capítulo 4 incrementábase en 88.000,00€, o que ven motivado pola subvención do POS extraordinario para gastos sociais. Inclúe este capítulo gastos de emerxencia social, xantar na casa, nacemento de fillo, a Mancomunidade de Ordes, así como as subvencións nominativas a entidades deportivas e a viaxe de fin de curso dos alumnos do último curso de 4º da ESO.

En canto aos investimentos do capítulo 6, supoñen o 27% do orzamento. Comprenden a obra de aforro enerxético do alumeadado público do I.D.A.E., cofinanciada polo Estado, unha partida para terreos de 20.000,00€, un depósito en Cumbraos, cofinanciado pola Deputación, unha partida xenérica para infraestruturas deportivas, os catro proxectos de camiños do POS, que xa se trouxeron ao Pleno, e dúas partidas xenéricas de reposición de infraestruturas e de xestión do patrimonio. En total, 759.000,00€, dos que o concello aporta 158.000,00€, 323.000,00€ a Deputación, 23.000,00€ a Xunta e 255.000,00€ o Estado. No capítulo 8, contéplanse 2.000,00 € para anticipos ao persoal. Tratamos de que os orzamentos sexan realistas. Calculamos os ingresos, que son os que son, e logo facemos os gastos. Vostedes faríano doutro xeito, pero coido que coincidiríamos nunha alta porcentaxe. Paso a palabra aos distintos grupos.

Toma a palabra a Sra. Louro, quen manifesta que o concello de Mesía debe ser dos poucos concellos existentes nos que a Comisión de Contas non funciona tamén como Comisión de Facenda, o que demostra a falta de transparencia e a pouca consideración que lles merecen os representantes doutras forzas políticas. Solicitamos que se lle de o carácter de Comisión permanente, e para elo invocamos o artigo 67 da Lei de Administración Local de Galicia. Dispoñer de 186 páxinas con tres días de antelación non é suficiente para coñecer o orzamento polo miúdo. Ademais, os orzamentos deben ser aprobados antes do 31 de decembro, polo que xa imos tarde. Omítense nos orzamentos referencias a un centro de día, propio ou compartido, que sería necesario pola poboación envellecida e para facilitar a conciliación. Propoño unha partida, aínda que sexa para estudos preliminares. As dietas que se perciben non constan nas bases de execución. Non hai subvencións para ANPAS ou entidades sen ánimo de lucro. Ademais, nestes momentos de pandemia, a administración local debería procurar axudar á supervivencia das empresas e dos postos de traballo, o que podería ser a través de axudas directas. Gustaríanos para a próxima vez unha comparativa por partidas entre os orzamentos do ano e do precedente.

Toma a palabra o Sr. López, quen manifesta que nós tampouco tivemos tempo de mirar con detalle o orzamento, si ben sabemos que hai algunhas partidas que non se van a executar, como a da festa da terceira idade, que non creo que se faga este ano. Parécenos interesante a existencia da Comisión de Facenda para poder ver con tempo estas cousas. Tamén botamos en falta o centro de día.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Comisión de Contas é a que houbo sempre neste concello dende que estou aquí, estudábase o que vostedes din. O orzamento se lles remitiu en tempo e forma, coa anticipación prevista legalmente. Tardamos algo en aprobar o orzamento precisamente porque esperamos a ver cómo vai quedar a liquidación e así axustar o novo orzamento con máis detalle segundo os ingresos e gastos do ano anterior. En canto ao centro de día, cos recursos que temos, pouco máis que un estudo preliminar se pode facer. En canto ás subvencións ás ANPAS e outras entidades, cando eu empecei había ese tipo de subvencións pero había problemas coa xustificación dos gastos. Este ano, os equipos de fútbol devolveron parte das súas por non poder xustificalas.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

Toma a palabra a Sra. Sánchez manifestando que no seu día houbo subvencións para as ANPAS, pero só queda a de Visantoña e había un agravio comparativo. A de Visantoña non inclúe a Olas, e a de Xanceda fai tempo que non existe.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por sete votos a favor, correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE, e dous abstencións, correspondentes aos concelleiros presentes do PP e do BNG.

3. DAR CONTA DO INFORME DE MOROSIDADE DO CUARTO TRIMESTRE 2020, PREVISTO NA LEI 15/2010, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

O Sr. Alcalde da conta do informe, do que o seu teor literal di:

“INFORME DE INTERVENCIÓN
Informe Morosidade cuarto trimestre 2020

Pagos realizados en el trimestre	Período medio pago (PMP) (días)	Pagos realizados en el trimestre			
		Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
		Número de pagos	Importe total	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	7,81	569	330.454,26	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	6,75	5	3.535,96	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	7,11	35	52.265,68	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	7,96	529	274.652,62	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
	19,28	13	450.293,13	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto	14,53	582	780.747,39	0	0,00
TOTAL					

Intereses de demora pagados en el trimestre	Intereses de demora pagados en el período	
	Número de pagos	Importe total
Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0	0,00
Inversiones reales	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0	0,00
Pagos realizados pendientes de aplicar al presupuesto	0	0,00
TOTAL	0	0,00

Facturas o documentos justificativos pendientes de pago al final del trimestre	Período medio del pendiente de pago (PMPP) (días)	Pendiente de pago al final del trimestre			
		Dentro período legal pago a final del trimestre		Fuera período legal pago a final del trimestre	
		Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

Gastos en Bienes Corrientes y Servicios	0,00	0	0,00	0	0,00
20.- Arrendamientos y Cánones	0,00	0	0,00	0	0,00
21.- Reparación, Mantenimiento y Conservación	0,00	0	0,00	0	0,00
22.- Material, Suministro y Otros	0,00	0	0,00	0	0,00
23.- Indemnización por razón del servicio	0,00	0	0,00	0	0,00
24.- Gasto de Publicaciones	0,00	0	0,00	0	0,00
26.- Trabajos realizados por Instituciones s.f. de lucro	0,00	0	0,00	0	0,00
Inversiones reales	0,00	0	0,00	0	0,00
Otros pagos realizados por operaciones comerciales	0,00	0	0,00	0	0,00
Pendientes de aplicar a Presupuesto					
TOTAL					

En Mesía, na data da sinatura electrónica.
O secretario-interventor, Asdo./ Eladio Bendaña Pardo"

Os concelleiros quedan enterados.

4. RATIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Ó CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

RATIFICACIÓN DO ACORDO DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Ó CONVENIO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E A FEGAMP PARA A TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA EN RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.

Visto o acordo de solicitude de adhesión ó Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o Covid-19, adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 14 de decembro de 2020, e que de seguido se transcribe, así como o texto íntegro do Convenio, de conformidade co artigo 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, propónse ao Pleno da Corporación a ratificación do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Solicitar a adhesión formal e expresa a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

ANEXO

“CONVENIO ENTRE A VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA ARTICULAR A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á XUNTA DE GALICIA PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓNS AUXILIARES E DE COLABORACIÓN MATERIAL NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDEMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA, EN



RELACIÓN CO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN APROBADAS PARA A LOITA CONTRA O COVID- 19

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2020

REUNIDOS

Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente primeiro e conselleiro da Presidencia, Xustiza e Turismo, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante FEGAMP), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b) dos vixentes estatutos da FEGAMP (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea do 29 de novembro de 2019.

As partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade xurídica, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio e na súa virtude,

EXPOÑEN

Primeiro.-. Que entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de colaboración e cooperación técnica e administrativa, podendo levar a cabo mediante a asistencia técnica e a subscripción de convenios.

Segundo.- De conformidade co artigo 1 do Decreto 233/2012, do 5 de decembro, a Vicepresidencia primeira da Xunta de Galicia, configúrase tamén como un órgano superior de coordinación da Presidencia da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as funcións de coordinación e planificación interdepartamental e a súa execución, así como asegurar e garantir as necesarias relacións coas administracións locais.

Así mesmo, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza conforme ao disposto no Decreto 130/2020, do 17 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica das Vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia en relación co establecido no Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a súa estrutura orgánica é o departamento encargado de xestionar as competencias e funcións en materia de elaboración, proposta e execución da política do Goberno en materia de Administración Local e de emerxencias e interior que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.



Terceiro .- Que a Federación Galega de Municipios e Provincias ten, entre os seus fins, promover, representar e defender os intereses das Entidades Locais ante outras Administracións Públicas, conforme ao disposto no artigo 6.1 letra b) dos seus Estatutos. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus Estatutos.

Cuarto .- O 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública xerada pola expansión do coronavirus COVID-19 a nivel de pandemia internacional. Esta expansión está a xerar unha crise sen precedentes recentes na saúde pública que afecta a todos os sectores e individuos. As distintas administracións, organismos e institucións, nacionais e internacionais, tiveron que adoptar medidas drásticas e urxentes para a prevención e loita contra a pandemia.

Neste sentido, o 13 de marzo de 2020, o Consello da Xunta de Galicia, aprobou o acordo polo que se declarou a situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e se activou o Plan territorial de emerxencias de Galicia (Platerga) no seu nivel IG (emerxencia de interese galego) como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19, coa conseguinte asunción da dirección do Plan e de todas as actividades de emerxencia polo titular da presidencia da Xunta de Galicia, de acordo co previsto neste.

Polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, declarouse o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, dentro das medidas previstas para facer fronte á situación ocasionada pola extensión do COVID-19. A declaración afectou a todo o territorio nacional por un período inicial de quince días naturais que foi obxecto de ata seis prórrogas autorizadas polo Congreso dos Deputados. Tras o período inicial de quince días naturais e o correspondente á primeira e á segunda prórroga do estado de alarma, iniciouse, durante a terceira prórroga, un proceso de redución progresiva das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade, do contacto social e do exercicio de actividades establecidas na versión inicial do Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, en especial con motivo da aprobación, polo Consello de Ministros na súa reunión do 28 de abril, do Plan para a transición cara unha nova normalidade. No dito plan se contemplaba un proceso gradual de volta á normalidade dividido en catro fases: unha fase cero ou preliminar e tres fases de desescalada, diferenciadas en función das actividades permitidas en cada unha delas, polas que poderían transitar os diferentes territorios en función de diversos criterios e indicadores ata chegar á denominada "nova normalidade", na que se poría fin ás medidas de contención, pero se mantería a vixilancia epidemiolóxica, a capacidade reforzada do sistema sanitario, e as medidas de protección persoal da cidadanía.

Quinto .- O artigo 55 da Lei 33/2011, de 4 de outubro xeral de saúde pública dispón que as persoas físicas e xurídicas responsables das accións ou omisións que constitúan infracción en saúde pública serán sancionadas de acordo co disposto neste título". Nese título, o VI, faise unha tipificación propia das infraccións en saúde pública e das correspondentes sancións (artigos 57.2 e 58.1) e finalízase, no artigo 61.1, coa previsión de que "A incoación, tramitación e resolución dos expedientes sancionadores corresponderá á Administración competente por razón do territorio e a materia". Segundo indicou o Consello Consultivo de Galicia no seu informe CCG 263/2020, do 14 de outubro, corresponderá aos concellos cando



os incumprimentos que constitúan infracción administrativa en saúde pública se poñan de manifesto no ámbito, ao que alcanza a súa competencia, do control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes e de control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

Pola súa banda o Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, de medidas urxentes de prevención, contención e coordinación para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, no parágrafo segundo do seu artigo 31.1 dispón que " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan, corresponderá aos órganos competentes do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais no ámbito das súas respectivas competencias".

Seguindo así mesmo ao Consello Consultivo de Galicia, se os incumprimentos das medidas de prevención e hixiene recollidas no Capítulo II do Real Decreto Lei 21/2020, do 9 de xuño, son subsumibles nalgún dos supostos-tipo de infracción definidos legalmente como infraccións administrativas en saúde pública, e se eses incumprimentos se poñen de manifesto no ámbito ao que alcanza a competencia dos concellos, que inclúe en relación ao obrigado cumprimento das normas sanitarias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transporte, e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, entón corresponderá a eses concellos " a instrución e resolución dos procedementos sancionadores que procedan".

Adicionalmente, o artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade atribúe aos concellos certas competencias en materia de sanidade en relación ao obrigado cumprimento das normas e plans sanitarios e, particularmente, no control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes , ao igual que no control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.

No mesmo sentido, o artigo 80.3 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia atribúe aos concellos, entre outras competencias, o control sanitario de industrias, actividades, servizos e transportes que impacten na saúde da súa cidadanía e o control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana, especialmente dos centros de alimentación, salóns de peiteado, saunas e centros de hixiene persoal, hoteis e centros residenciais, escolas, campamentos turísticos e áreas de actividade física, deportiva e de recreo.

En consecuencia, por virtude do previsto no artigo 42.3 da Lei 14/1986, do 25 de abril, e do artigo da Lei 8/2008, do 10 de xullo, os concellos teñen a obriga de exercer tales controis en relación ao obrigado cumprimento das medidas de prevención aprobadas pola Administración autonómica galega para a loita contra o COVID- 19.

Sexto.- O artigo 11 da lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público regula a encomenda de xestión permitindo que a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos pode ser encomendada a outros órganos da mesma ou distinta Administración, sempre que entre as súas



competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

O tempo transcorrido ata a confirmación polo Consello Consultivo de Galicia (informe 263/2020, do 14 de outubro) das competencias dos concellos na tramitación de determinados procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, ten xerado a existencia dunha bolsa de denuncias sen tramitar, producindo ademais unha sensación de impunidade nos incumpridores e, ao tempo, a frustración dos responsables do control do cumprimento da normativa. A este retraso se unen as dificultades propias dos concellos de réxime común da Comunidade Autónoma para a tramitación destes expedientes sancionadores pola carencia de medios técnicos idóneos suficientes.

De conformidade co exposto, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para instrumentar a encomenda de xestión, polos distintos concellos galegos, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

CLÁUSULAS

CAPÍTULO PRIMEIRO. DISPOSICIÓNS XERAIS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto instrumentar a encomenda de xestión polos distintos concellos galegos incluídos no ámbito subxectivo de aplicación á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de presidencia, Xustiza e Turismo, para a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

As condicións de funcionamento polas que se rexerá a presente encomenda de xestión serán as recollidas no Anexo I, e no capítulo II do presente documento.

Segunda. Ámbito de aplicación subxectivo

O presente convenio é de aplicación para a Administración da comunidade autónoma de Galicia e para todos os concellos de réxime común da comunidade autónoma galega que



se adhiran ao mesmo.

Terceira. Adhesión ao convenio

O presente convenio constitúe o marco xurídico xeral dentro do cal os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo de aplicación poderán asinar a súa adhesión mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de encomendar á Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, a realización de actuacións auxiliares e de colaboración material na tramitación, nos termos recollidos no anexo I, dos procedementos sancionadores derivados dos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública no ámbito que alcance a competencia dos concellos.

Cuarta.- Modificación do convenio

A modificación do presente convenio requirirá a conformidade da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), e formalizarase mediante a subscripción da correspondente addenda ao mesmo.

No caso de que algún dos concellos adheridos non estivera de acordo coa modificación efectuada poderá denunciar o convenio de acordo co previsto na cláusula sexta.

Quinta. Duración do convenio

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura (coa obriga da publicación do mesmo nun boletín oficial -artigo 11.3.b) da lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público-) ata o levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego. Agora ben, a Comisión de Seguimento da execución do convenio valorará a procedencia de finalizar o convenio antes desa data se a encomenda de xestión deixa de ser necesaria atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio. Nese caso as partes poderán resolver o convenio de acordo co previsto na cláusula seguinte.

Tanto no caso de extinción do convenio polo levantamento da declaración da situación de emerxencia sanitaria de interese galego como no caso da súa resolución pola desaparición da necesidade da encomenda de xestión, o convenio estenderá a súa vixencia ata o remate dos procedementos sancionadores xa iniciados baixo a vixencia deste convenio, salvo que os concellos adheridos renuncien a esta posibilidade.

O anterior enténdese sen prexuízo da posibilidade de prorrogar a súa vixencia nos termos en que se determinen antes da finalización do correspondente período de vixencia.

Sexta. Resolución do convenio.

O presente convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas e, en especial, pola ineficacia sobrevinda, por desaparecer a necesidade da encomenda de xestión de acordo co previsto na cláusula quinta, polo incumprimento do convenio ou de calquera das obrigas que contén ou por causas de invalidez.



Así mesmo, as partes poderán denunciar o convenio en calquera momento, sempre cun preaviso mínimo de dous meses de antelación á efectividade da devandita denuncia.

CAPÍTULO SEGUNDO. OBRIGAS DAS PARTES

Sétima.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia comprométese a prestar aos concellos que se adhiran ao presente convenio a asistencia técnica e material precisa para a tramitación dos procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, de acordo co previsto no Anexo I.

A encomenda comprenderá todos os expedientes sancionadores por feitos producidos despois do estado de alarma no mes de xuño do ano 2020, tanto se xa estiveran iniciados como se non.

Oitava.- Obrigas e dereitos dos concellos

Os concellos que se adhiran ao presente convenio se comprometen a iniciar, instruír e resolver os procedementos sancionadores polos incumprimentos das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVID- 19, cando tal incumprimento sexa subsumible nalgún dos supostos- tipo de infracción en materia de saúde pública, no ámbito que alcance a competencia dos concellos, debendo remitir a Xunta de Galicia a información precisa para que esta poda executar a encomenda de xestión recollida neste convenio, nos termos previstos no anexo I.

Cada concello ingresará nunha conta propia as cantidades recadadas como consecuencia de cada procedemento sancionador, debendo compensar á Xunta de Galicia nunha cantidade equivalente aos custos en que efectivamente tivese incorrido como consecuencia das obrigas asumidas. Esta compensación farase efectiva no prazo de tres meses a contar dende o momento en que a Xunta de Galicia certifique os custos en que efectivamente tivese incorrido.

Novena.- Obrigas da FEGAMP

Coordínase coa Xunta de Galicia e con todos os concellos de Galicia incluídos no ámbito subxectivo do convenio para difundir a información relativa ao presente convenio de colaboración.

CAPÍTULO TERCEIRO. SEGUIMENTO DO CONVENIO

Décima. Seguimento da execución do convenio

Co fin de realizar o desenvolvemento, seguimento e avaliación dos resultados, así como a interpretación e cumprimento do presente convenio, as partes asinantes conveñen a constitución dunha comisión mixta, que estará integrada por dous representantes da Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo, un dos cales actuará como presidente, e outros dous en representación da Fegamp.



O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

- A observación da implantación e efectiva aplicación deste.*
- A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.*
- As propostas de modificación do presente convenio.*
- A elaboración de normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.*

A valoración da procedencia de finalizar o convenio antes da data prevista por deixar de ser necesaria a encomenda de xestión, atendendo as circunstancias sanitarias concorrentes e as necesidades dos concellos adheridos ao convenio.

CAPÍTULO CUARTO.

FINANCIAMENTO

Décimo primeira. Financiamento

A Xunta de Galicia realizará con medios propios, a través dos equipos de traballo previstos no anexo I, as actuacións previstas neste convenio.

CAPÍTULO QUINTO.

RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS

Décimo segunda.- Natureza do convenio e discrepancias

O presente convenio ten natureza administrativa.

En especial, o convenio queda suxeito as previsións do artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como no que proceda, á Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen exporse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décima do presente convenio.



As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

Décimo terceira.- Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da LOPD, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

Décimo cuarta.- Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

E, en proba da súa conformidade, as partes comparecentes asinan o presente convenio, no lugar e data sinalados ut supra.

Vicepresidente primeiro e Conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo. P.D.S. (Orde do 26.11.2020). A directora xeral de Administración Local. Natalia Prieto Viso.

Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias. Alberto Varela Paz.

ANEXO I

**CONDICIÓNS DE FUNCIONAMENTO DA ENCOMENDA DE XESTIÓNS DOS CONCELLOS
ADHERIDOS Á XUNTA DE GALICIA**



No presente anexo se determinan as condicións nas que se producirá a encomenda de xestión á Xunta de Galicia por parte dos concellos que se adhiran ao convenio, para a realización de actividades de carácter material ou técnico precisas para a tramitación dos procedementos sancionadores por incumprimento das obrigas establecidas en materia de saúde pública nos que, conforme á normativa aplicable, a competencia corresponde aos concellos.

Os concellos terán a súa disposición a normativa precisa para a tipificación das infraccións, descrición das sancións e a súa gradación.

A encomenda ten por obxecto a prestación de auxilio técnico aos concellos na preparación dos distintos trámites, redacción de documentos, así como a realización das notificacións, aproveitando os medios propios da Xunta e a experiencia dos funcionarios autonómicos nos expedientes sancionadores da súa competencia.

EQUIPOS DE TRABALLO

Para a realización desta encomenda de xestión a Xunta de Galicia disporá dos seguintes equipos de traballo formados por funcionarios públicos autonómicos:

- Unidades Tramitadoras Base, que serán as unidades encargadas de realizar o traballo material de xerar os actos de trámite ou definitivos de cada expediente, de facer os asentos na base de datos empregada pola Xunta de Galicia para a tramitación de procedementos sancionadores, facer as remisións e recepción de documentación dos concellos e realizar as notificacións.
- Unidades Supervisoras que dirixen e supervisan o traballo que realicen as unidades tramitadoras base que lles correspondan, e servindo de apoio para a resolución de aspectos operativos, contacto informático e xurídico.
- Unidade de Coordinación, á que lle corresponde realizar o seguimento e impulso das tarefas que realizan as unidades anteriores, si como a unificación de trámites e criterios na tramitación dos procedementos.

Para facilitar o traballo, unha vez remitidos os expedientes iniciados, elaborárase unha guía de tramitación sancións covid que se remitirá aos concellos de inmediato e que estará a disposición tanto das distintas unidades tramitadoras como dos propios concellos. Ademais estarán a disposición dos concellos os datos de contacto das unidades tramitadoras, e, os concellos facilitarán os datos de contacto dos instrutores designados. Por outra parte, as unidades supervisoras proporcionarán información e asesoramento aos concellos sobre as dúbidas que lles poidan xurdir

FLUXO DE TRÁMITES

Coa finalidade de facilitar o funcionamento da presente encomenda de xestión, contéplase o seguinte fluxo de trámites:



1º.- Os concellos remitirán á unidade tramitadora base as denuncias formuladas, así como a identidade do instrutor do procedemento, precisando o seu nome e os seus datos de contacto.

2º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia redactará os acordos de incoación co nomeamento de instrutor/a, que se remitirán aos concellos para a súa revisión e para a súa sinatura polos órgano competente .

Logo de asinados, os acordos de incoación serán remitidos de novo á unidade tramitadora base da Xunta, coas cartas de pagamento que correspondan a cada expediente e os datos necesarios para realizar a correspondente notificación.

3º.- A unidade tramitadora base da Xunta de Galicia realizará as notificacións dos acordos de incoación asinados, cos que se achegarán as cartas de pagamento.

4º.- A unidade tramitadora base comunicará aos concellos as notificacións efectuadas.

5º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora base da Xunta de Galicia as sancións pagadas e, no caso de que se formulen alegacións ao acordo de incoación, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

6º.- No caso de que non se realice o pagamento e/ou se formulen alegacións pola persoa denunciada, a unidade tramitadora base redactará unha proposta de resolución, que se remitirá ao concello para a súa revisión e, no seu caso, para a súa sinatura polo/a instrutor/a. Logo de asinada a proposta, será remitida á unidade tramitadora da Xunta de Galicia para proceder á súa notificación.

7º.- Os concellos comunicarán á unidade tramitadora as sancións pagadas ou no caso de que se formulen alegacións neste trámite, estas serán remitidas á maior brevidade posible á unidade tramitadora base.

8º.- No caso de que a persoa denunciada non formule alegacións nin xustifique o aboamento da sanción, a proposta de resolución transformarase en resolución. Estes casos serán comunicados polo Concello á correspondente unidade tramitadora base, que converterá a proposta en resolución, que será remitida ao concello para a súa revisión e sinatura polo órgano competente. Logo de asinada a resolución, será remitida de novo á unidade tramitadora base para proceder á súa notificación

9º.- Nos casos de pagamento o concello comunicará á unidade tramitadora base que redactará unha resolución que lle porá fin ao procedemento sancionador.

Nos demais supostos, finalizados os distintos trámites, a unidade tramitadora base redactará as resolucións correspondentes que se remitirán aos concellos para a súa sinatura. Logo de asinada, a resolución será remitida coa correspondente carta de pagamento, de ser o caso, á correspondente unidade tramitadora, para proceder á súa notificación á persoa sancionadora.

10º.- No caso de que a normativa reguladora do procedemento sancionador contemple a realización doutros trámites complementarios dos previstos nos números anteriores, o fluxo de traballo axustarase a un esquema semellante, correspondendo a redacción de documentos ás unidades tramitadoras e a súa revisión e sinatura, de proceder, á autoridade municipal competente ou á persoa instrutora, segundo os casos.



11º.- A unidade tramitadora completará con todas as actuacións realizadas un dossier electrónico de cada procedemento, que será remitido ao concello para o seu arquivo. O tratamento polas unidades tramitadoras de datos persoais por razón destas actuacións limitarase en calquera caso aos datos estritamente necesarios para a finalidade da presente encomenda, polo tempo estritamente necesario para a execución da presente encomenda de xestión.

ANEXO II

PROTOCOLO DE ADHESIÓN

D./Dña (nome e cargo), en representación da (Entidade Local),

DECLARA:

Que o (órgano competente) de (concello) acordou, con data _____ de _____ de 2020, solicitar a adhesión ao Convenio entre a Xunta de Galicia e a Fegamp para a tramitación dos procedementos sancionadores competencia dos concellos de Galicia, en relación co incumprimento das medidas de prevención aprobadas para a loita contra o COVI-19

e, en consecuencia,

MANIFESTA:

A vontade de (concello) de adherirse formal e expresamente a todas e cada unha das cláusulas do convenio mencionado, asumindo as obrigas e compromisos derivados do mesmo e con suxeición plena a todas elas.

(Lugar, data e sinatura)."

Mesía, 9 de febreiro de 2021 Asdo. O alcalde, Mariano Iglesias Castro"

Manifesta o Sr. Alcalde que a solicitude xa se fixo por Xunta de Goberno para presentala en prazo. Trátase dun convenio tipo para tramitación de sancións e coidamos que a asistencia da Xunta é boa.

Non habendo máis intervencións, sometido o asunto a votación, apróbase por oito votos a favor, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, sete correspondentes aos concelleiros presentes do PSdeG-PSOE e un correspondente ao concelleiro presente do PP, e unha abstención, correspondente á concelleira presente do BNG.



5. MOCIÓN DO BNG PARA MELLORAR A UCI-A DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO.

O Sr. Alcalde pasa a palabra á Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

“MOCIÓN PARA MELLORAR A UCI-A DO HOSPITAL CLÍNICO DE SANTIAGO

O BNG presenta a seguinte moción para o seu debate en pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Unidade de Coidados Intensivos de adultos (UCI-A) do Hospital Clínico de Santiago (CHUS) é tamén a unidade onde se atenden pacientes graves de COVID-19. Pero é unha unidade aberta, que dispón tan só de 2 cubículos, polo que o persoal sanitario vese obrigado a estar xornadas enteiras co equipo de protección individual (EPI), o que non sería necesario de existir suficientes cubículos.

O risco de contaxio é elevado, e de habelo, non sería doada a substitución dos ou das profesionais por persoal coa mesma capacitación e, ademais, con formación en coidados críticos. Porén, non contan cun plan de prevención de riscos

que garanta medidas de seguridade para profesionais e doentes, e botan en falta formación en riscos laborais, teórica e práctica. Reclaman EPIs, duchas próximas suficientes para non ter que percorrer o hospital co uniforme usado...En resumo: condicións de traballo acordes coa situación actual.

O persoal da UCI mantén unha folga desde o 16 de novembro non para subida de salarios senón para demandar condicións dignas para o seu traballo. Están en folga en demanda de melloras estruturais, medidas organizativas e preventivas, dotación de EPIs, controis de PCR periódicos..., aspectos todos eles que redundarían nunha mellor atención para as persoas ingresadas que, como sabemos, poden ser do noso concello.

Por todo o anterior, o BNG propón o seguinte

ACORDO

O concello de Mesía solidarízase co persoal da UCI do CHUS en folga, apoia as súas demandas e reclama á Xunta que realice, de urxencia, as actuacións necesarias para cumprir a normativa vixente e mellorar as condicións de traballo destas persoas que prestan, en primeira liña, atención sanitaria nestes duros momentos de COVID-19.

Mesía, 4 de febreiro de 2021. Asdo. Beatriz Louro López

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA.”

O Sr. Alcalde manifesta que está totalmente de acordo. Nestes momentos todo apoio é pouco, outra cousa é a eficacia que poidamos ter.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. MOCIÓN DO BNG SOBRE AS TRABALLADORAS DE AXUDA NO FOGAR.



O Sr. Alcalde manifesta, respecto do terceiro punto da moción presentada, que se plantexe como un rogo, porque a moción é para instar a outros, non a nós mesmos.

Está de acordo a Sra. Louro, quen da conta da moción que, de seguido, se transcribe:

*“Moción sobre as Traballadoras de Axuda no Fogar
O grupo municipal do BNG de Mesía presenta para o seu debate en
Pleno a seguinte moción:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As traballadoras do Servizo de Atención no Fogar (SAF) realizan un labor importante, que en moitas ocasións vai máis alá do que o seu traballo lles esixe. O persoal estase xogando a súa saúde e das persoas usuarias do servizo que nunha parte importante son dependentes ou dunha avanzada idade.

O BNG ve necesario que se teña en conta que, por traballar con persoas especialmente vulnerábeis que residen nos seus domicilios onde poden ser visitados por familiares e amizades, a súa protección é fundamental como medida de contención para evitar a expansión do virus.

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é un servizo socio-sanitario sen dúbida fundamental para a atención á dependencia e, malia que o lugar de traballo non se corresponde con infraestruturas sociais como acontece coas residencias de maiores, a pandemia da COVID-19 aféctalles en igual medida, ao estar en contacto directo con persoas de alto nivel de risco como son os anciás ou dependentes. Dende que se declarou a emerxencia sanitaria, as traballadoras do SAF constitúen un colectivo invisibilizado a pesar de que o obxecto do seu traballo sexan persoas vulnerábeis e grupos de risco, idéntico ao doutros grupos que xa recibiron a vacinación como traballadores/as de residencias ou persoal sanitario.

As persoas traballadoras no Servizo de Axuda no Fogar non figuraron como persoal de primeira liña no Plan Galego de Vacinación Fronte ao SARS-Co V-2 e non son consideradas prioritarias a pesares de desenvolver labores esenciais e ter un alto nivel de risco, tanto de ser contaxiados como de contaxiaren a outras persoas.

O colectivo do persoal socio-sanitario do Servizo de Axuda no Fogar denuncia que están na primeira liña de atención a persoas dependentes, polo que é necesario que teñan medidas especiais de protección ante o contacto directo coas persoas usuarias e cos seus convivintes, que poderían estar infectados, e que compoñen tamén a poboación máis vulnerable e con maior risco da sociedade.

Prestar o servizo en diferentes fogares, a falla de control sobre os contactos de cada persoa á que atenden ou a inexistencia de protocolos de actuación unificados nos casos de persoas infectadas ou sospeitosas de COVID, xa que cada empresa concesionaria e/ou cada concello xestionan esta cuestión segundo os seus propios criterios, fan moi arriscado o seu labor.

O servizo non conta a día de hoxe cun protocolo único de prevención, como acontece cos centros de ensino ou as escolas infantís, o que xera multiplicidade de procedementos e situacións, en función do modelo de xestión que exista en cada concello.

Esta mesma reivindicación ven de ser solicitada polo Colexio Profesional de Traballadores Sociais de Galiza.



Todos os servizos sociais, máis aínda aqueles que atenden persoas maiores en situación de dependencia, deben contar coas ferramentas e material indispensábel para garantir unhas condicións de traballo dignas e seguras non só para as usuarias e usuarios senón tamén, e moi especialmente, para as propias traballadoras.

Diante desta xusta reivindicación, pola maior garantía sanitaria de persoal do SAF e das persoas ás que atenden e por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal do BNG traslada as seguintes propostas e solicita do pleno da corporación municipal:

1.- O acordo de instar á Xunta de Galiza a:

- Incluir as traballadoras e as persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar nos cribados periódicos que o Goberno galego realiza noutros servizos sociosanitarios como as residencias de maiores e os centros de día.

- Facilitar aos concellos de maneira periódica material de protección dirixido ás traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar e exixir ás empresas concesionarias deste servizo que o garantan.

- Incluir ás persoas que traballan no Servizo de Atención no Fogar (SAF) no grupo de persoal de primeira liña no ámbito sanitario e socio-sanitario coa fin de programar a súa vacinación fronte ao SARS-Co V-2 nesta segunda fase, xa que non foron tidas en conta na primeira.

2.-Instar o Goberno do Estado:

A que lle dea ao persoal de axuda no fogar a consideración da COVID 19 como enfermidade profesional, pois no seu traballo están cada día en exposición ao contaxio e, ao mesmo tempo, traballan con persoas de risco elevado.

Mesía, 5 de Febreiro de 2021. Beatriz Louro López. portavoz do Grupo Municipal do BNG

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA."

O Sr. Alcalde sinala que, en relación con este tema, o concello xa facilitou a relación de traballadoras e cónstame que algunha xa vai recibir hoxe a vacina. Así mesmo, o concello está a facilitarlles todas as EPIs necesarias, as mascarillas FFP2 xa as usan dende o mes pasado, antes de pedir a subvención da Deputación, e se fixeron probas PCR en clínicas privadas a distintas persoas por posibles contactos. Tamén se encargou á Mutua un Plan específico de continxencias.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde somete o acordo a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

7. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

8. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (409/2020 A 466/2020 e 1/2021 A 51/2021).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

RELACIÓN DE DECRETOS DO 409 Ó 466 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
409	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno ordinario 09/2020 do 04/12/2020	01/12/2020
410	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	02/12/2020
411	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes	03/12/2020
412	Asuntos xudiciais	Remisión ó Xulgado CO-AD nº 4 de A Coruña e emprazamento ós interesados P.O. 195/2020	03/12/2020
413	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar de axuda no fogar	03/12/2020
414	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por Cambio de Residencia no Padrón Municipal de Habitantes	03/12/2020
415	Asuntos xudiciais	COMPARECENCIA E DESIGNACIÓN DE DEFENSA XURÍDICA P.O. 195/2020	03/12/2020
416	Economía e facenda	Transferencia de crédito 07/2020	03/12/2020
417	Acción veciñal	Aprobación das bases da subvención "MERCAMESÍA 2020"	03/12/2020
418	Economía e facenda	Execución do gasto 04/12/2020	04/12/2020
419	Servizos sociais	Alta usuario no servizo de axuda a domicilio	07/12/2020
420	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 21/2020 do 10/12/2020	07/12/2020
421	Acción veciñal	Resolución concesións axudas transporte escolar curso 2020-2021	07/12/2020
422	Servizos Sociais	Modificación intensidade usuario do servizo de axuda a domicilio	09/12/2020
423	Economía e facenda	Execución do gasto 10/12/2020	10/12/2020
424	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local extraordinaria 22/2020 do 14/12/2020	11/12/2020
425	Padrón Municipal de Habitantes	Altas por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	14/12/2020
426	Obras e Urbanismoc	Consesión de licenza expte. CPACOM 08/2020 Ampliación explotación agropecuaria	14/12/2020
427	Subvencións	Aprobación da conta xustificación da subvención para o proxecto de "Ampliación do local social de Bascoi"	14/12/2020
428	Economía e facenda	Execución do gasto 15/12/2020. Nóminas extra mes decembro 2020	15/12/2020
429	Economía e facenda	Xeneración de crédito 19/2020. Subvención IDEA. Aforro Enerxético nos alumeados públicos do Concello de Mesía. Honorarios Técnicos - Elaboración documentación técnica.	15/12/2020
430	Economía e facenda	Execución do gasto 15/12/2020 e pago a xustificar	15/12/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

RELACIÓN DE DECRETOS DO 409 Ó 466 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
			0
431	Servizos sociais	Alta de usuaria no servizo de axuda no fogar	15/12/2020
432	Servizos sociais	Modificación de xornada laboral de auxiliar de axuda no fogar	15/12/2020
433	Servizos sociais	Concesión praza PAI	15/12/2020
434	Servizos sociais	Aprobación liquidacións prestación servizos PAI decembro 2020	16/12/2020
435	Servizos sociais	Corrección erro informático Decreto núm. 434/2020	16/12/2020
436	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	17/12/2020
437	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	17/12/2020
438	Economía e facenda	Execución do gasto 17/12/2020 e Pago a Xustificar 004/2020	17/12/2020
439	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	17/11/2020
440	Contratación	Aprobación certificación 1-final da obra "Camiño de Pousadoiro a Seble (Visantoña) e outros"	18/12/2020
441	Economía e facenda	Execución do gasto 18/12/2020	18/12/2020
442	Facenda municipal	Concesión de enganche á rede de abastecemento de auga municipal	18/12/2020
443	Economía e facenda	Execución do gasto 21/12/2020	21/12/2020
444	Padrón Municipal de Habitantes	Alta Padrón Municipal de Habitantes.	21/12/2020
445	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	22/12/2020
446	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes novembro 2020 ^º	23/12/2020
447	Economía e facenda	Execución do gasto 23/12/2020	23/12/2020
448	Subvencións	APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA SUBVENCION PARA GASTOS DE LIMPEZA CPI XANCEDA ANO 2020	23/12/2020
449	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 23/2020 do 29/12/2020	24/12/2020
450	Contratación	Aprobación certificación 1-final da obra "Camiño de AC-223 Ás Pereiras (Xanceda) e outro"	28/12/2020
451	Padrón Municipal de Habitantes	Baixa de oficio no Padrón Municipal de Habitantes de D. Luis Cabado Barral.	28/12/2020
452	Economía e facenda	Transferencia de crédito 08/2020	29/12/2020
453	Padrón Municipal de Habitantes	Altas Padrón Municipal de Habitantes	29/12/2020
454	Economía e facenda	Execución do gasto 29/12/2020. Nóminas mes decembro 2020	29/12/2020
455	Economía e facenda	Execución do gasto 29/12/2020. Asistencias Plenos e XGL 4T 2020	29/12/2020

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

RELACIÓN DE DECRETOS DO 409 Ó 466 DO ANO 2020			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
456	Economía e facenda	Transferencia de crédito 09/2020	29/12/2020
457	Economía e facenda	Transferencia de crédito 10/2020	29/12/2020
458	Persoal	Prórroga contrato monitora tempo libre_Aula da Natureza - Museo Etnográfico Brañas da Valga	30/12/2020
459	Persoal	Prórroga contrato peón de xardinería_Aula da Natureza - Museo Etnográfico Brañas da Valga	30/12/2020
460	Asuntos xudiciais	Remisión ó Xulgado CO-AD nº 4 de A Coruña e emprazamento ós interesados P.O. 229/2020	30/12/2020
461	Padrón Municipal de Habitantes	Alta Padrón Municipal de Habitantes	30/12/2020
462	Economía e facenda	Execución do gasto 30/12/2020	30/12/2020
463	Padrón Municipal de Habitantes	Alta Padrón Municipal de Habitantes	30/12/2020
464	Economía e facenda	Prórroga orzamento 2020-2021	30/12/2020
465	Economía e facenda	Execución do gasto 31/12/2020	31/12/2020
466	Economía e facenda	Xeneración de crédito 20/2020. Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.	31/12/2020

RELACIÓN DE DECRETOS DO 1 Ó 51 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
1	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar axuda no fogar	04/01/2021
2	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	04/01/2021
3	Asuntos xudiciais	COMPARECENCIA E DESIGNACIÓN DE DEFENSA XURÍDICA P.O. 229/2020	04/01/2021
4	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	05/01/2021
5	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 01/2021 do 07/01/2021	05/01/2021
6	Facenda municipal	Cambio de titulares no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	07/01/2021
7	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	08/01/2021
8	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	11/01/2021
9	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	15/01/2021
10	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	15/01/2021
11	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	15/01/2021
12	Axudas veciñais	Resolución concesión provisional axudas PEL REACTIVA	15/01/2021
13	Economía e facenda	Execución do gasto 18/01/2021	18/01/2021

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

RELACIÓN DE DECRETOS DO 1 Ó 51 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
14	Persoal	Adhesión Programa PEL CONCELLOS REACTIVA 2021	18/01/2021
15	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por nacemento no Padrón Municipal de Habitantes	18/01/2021
16	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	18/01/2021
17	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI xaneiro 2021	19/01/2021
18	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 01/2021 do 21/01/2021	19/01/2021
19	Economía e facenda	Execución do gasto 19/01/2021	19/01/2021
20	Padrón Municipal de Habitantes	Cambios de domicilio no Padrón Municipal de Habitantes	20/01/2021
21	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios 2021	20/01/2021
22	Servizos sociais	Alta usuaria SAF	21/01/2021
23	Facenda municipal	Aprobación Padrón fiscal da taxa polo servizo de abastecemento de auga, saneamento e canon da auga do 4º ttre. 2020	21/01/2021
24	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	21/01/2021
25	Economía e facenda	Execución do gasto 22/01/2021	22/01/2021
26	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/01/2021
27	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/01/2021
28	Economía e Facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes decembro 2020	22/01/2021
29	Facenda municipal	Concesión autorización enganche á rede de abastecemento de auga municipal	22/01/2021
30	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia Padrón Municipal de Habitantes	25/01/2021
31	Obras e Urbanismo	Acordo de non división en lotes dos proxectos incluídos no POS+2021	26/01/2021
32	Economía e Facenda	Execución do gasto 27/01/2021	27/01/2021
33	Organización e funcionamento	Convocatoria sesión pleno extraordinario 1/2021 do 01/02/2021	27/01/2021
34	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	29/01/2021
35	Facenda municipal	Cambio de titular no servizo de abastecemento de auga municipal	29/01/2021
36	Economía e Facenda	Execución do gasto 29/01/2021. NOMINAS MES XANEIRO 2021	29/01/2021
37	Persoal	Solicitud subvencion mantemento tecnico deportivo 2021	29/01/2021
38	Padrón Municipal de Habitantes	Cambio de domicilio dentro do Concello no Padrón Municipal de Habitantes	29/01/2021
39	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	29/01/2021



RELACIÓN DE DECRETOS DO 1 Ó 51 DO ANO 2021			
Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
40	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 03/2021 do 04/02/2021	02/02/2021
41	Padrón Municipal Habitantes	Alta por cambio de residencia Padrón Municipal de Habitantes	02/02/2021
42	Economía e Facenda	Execución do gasto 02/02/2021	02/02/2021
43	Axudas veciñais	Resolución aprobación concesion definitiva axudas PEL REACTIVA	02/02/2021
44	Facenda municipal	Modificacións no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios exercicio 2021	03/02/2021
45	Economía e Facenda	Execución do gasto 03/02/2021	03/02/2021
46	Padrón Municipal de Habitantes	Alta por cambio de residencia no Padrón Municipal de Habitantes	03/02/2021
47	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón da taxa pola recollida de lixo e servizos complementarios	04/02/2021
48	Servizos sociais	Aprobación liquidación prestación servizos PAI febreiro 2021	05/02/2021
49	Servizos sociais	Baixa usuaria Servizo de Axuda no Fogar	05/02/2021
50	Persoal	Recoñecemento 11º trienio funcionaria - Inés Sánchez del Río	08/02/2021
51	Contratación	Adxudicación contrato menor servizo de "Servizos sociais a través dunha traballadora social"	08/01/2021

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

9. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 26 DE NOVEMBRO, 10, 14 E 29 DE DECEMBRO DE 2020 E 7 E 21 DE XANEIRO DE 2021.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

Manifesta o Sr. Alcalde que a Sra. Louro meteu dous rogos por rexistro, dos que se deu copia a todos os concelleiros. Pásalle a palabra á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO PARA ASIGNACIÓN DUN LOCAL PARA O USO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

O “Reglamento de Organización, Funcionamento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales” (ROF) sinala, no seu artigo 27:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

“En la medida de las posibilidades funcionales de la organización administrativa de la entidad local, los diversos grupos políticos dispondrán en la sede de la misma de un despacho o local para reunirse de manera independiente y recibir visitas de los ciudadanos, y el Presidente o el miembro de la Corporación responsable del área de régimen interior pondrá a su disposición una infraestructura mínima de medios materiales y personales”

O día 11 de Xaneiro de 2021 a portavoz municipal do BNG presentou unha solicitude ao Alcalde- Presidente da corporación para poder dispoñer dun local en horario de mañá e tarde, en condicións acaídas para exercer o seu labor. Até o momento non houbo resposta algunha.

Polo exposto, o Bloque Nacionalista Galego presenta o seguinte ROGO para que o Presidente da Corporación, ou o membro desta en quen delegue, poña a súa disposición un local, en calquera dos equipamentos municipais, con medios mínimos -mesa, cadeiras, conexión a Internet, calefacción...- para que a representante do BNG na Corporación poida recibir a veciñanza en horario de tarde.

Mesía, 4 de febreiro de 2021. Asdo. Beatriz Louro López.

Sr. ALCALDE-PRESIDENTE DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE MESÍA.”

Manifesta a Sra. Louro que o 12 de xaneiro xa fixo a solicitude por escrito e como non tivemos resposta, solicitámolo así, esperando non caia en saco roto, como as asignacións aos grupos.

Sinala o Sr. Alcalde que a lei di que “na medida das posibilidades funcionais da organización administrativa”, si ben nestes momentos non parece o máis indicado precisamente compartir dependencias. Manifesta a Sra. Louro que non ten porque ser na Casa Consistorial, respostando o Sr. Alcalde que estudarase o tema.

Toma a palabra novamente á Sra. Louro, quen da conta do rogo que, de seguido, se transcribe:

“ROGO SOBRE PROXECTOS DE LIÑAS DE ALTA TENSIÓN

Segundo as informacións que circulan por Mesía, está previsto o paso de novas liñas de alta tensión polo concello, unha das cales, polo menos, atravesaría lonxitudinalmente a Fraga da Areosa, en disposición case paralela á que existe na actualidade e cuxa presenza tivo como consecuencia unha tala moi importante do arborado da Fraga.

Neste momento, xa son 3 as liñas de alta tensión que atravesan o noso concello e, de ser certas as informacións, poderían chegar a ser 7, con todo o que iso significaría para un concello como o noso, de carácter agrogandeiro e con poboación dispersa.

As afeccións, de todo tipo, que poden derivarse de tal concentración de liñas ben merece o interese do goberno municipal no que fai aos proxectos e, de se confirmar a súa existencia, obrigado sería que trasladase de inmediato a información aos representantes políticos da cidadanía na corporación municipal e tamén á veciñanza de Mesía.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG formula o seguinte rogo para que o goberno municipal:

- confirme, se aínda non ten constancia, a existencia de proxectos de liñas de alta



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

tensión no concello.

- *informe as grupos políticos municipais das características dos proxectos.*
- *informe á veciñanza das características dos proxectos e das súas consecuencias nos seus bens e nos seus dereitos.*
- *adopte unha posición activa na defensa dos intereses da veciñanza de Mesía.*

Mesía, 21 de xaneiro de 2021. Beatriz Louro López. portavoz do Grupo Municipal do BNG.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MESÍA."

Manifesta o Sr. Alcalde que hai catro liñas e non tres no concello fai moito tempo. Doulles neste momento un dossier con toda a información existente no concello a día de hoxe relativa ás liñas eléctricas, no que poderán ver unha relación das liñas e dos informes e estudos relativas ás liñas, así como un oficio a Minas solicitando que se nos teña como interesados nos expedientes que se tramiten neste ámbito. O uso que fagan disto é a súa responsabilidade. O proxecto que di vostede está en fase consultas. O órgano ambiental consulta ás administracións e, unha vez obtida a información, elabora un documento ao que se teñen que adaptar as empresas, e será o promotor quen elabore o documento que irá a información pública na fase predeterminada por lei. Non se omite información pero non imos xerar alarma. Os procedementos teñen fases. Se teñen dúbidas, poden consultar cos servizos técnicos municipais. Tamén se me reclama unha posición activa defendendo os intereses veciñais. Se advirten pasividade neste tema, analicen primeiro a documentación e verán a posición activa deste concello. No obstante, escoitaremos calquera suxestión.

Pregunta o Sr. López si se está traballando cos concellos colindantes, respostando o Sr. Alcalde que o concello recadou asesoramento, pero todo se fixo dende o concello. Non todos os concellos teñen os mesmos intereses.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que vai facer unha pregunta aos portavoces da oposición para arranxar un malentendido. A Sra. Louro plantexou un rogo por un tema de limpeza dunha finca na Fraga, pero vin onte que o PP e tamén antes o BNG din que lles mentín no tema da propiedade da parcela. Entrégolles neste momento o documento que me gustaría que lean no que di que o titular é a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Non me molesta a min, e non o considero malintencionado, pero si que considero que merece respecto e consideración quen xestiona a Fraga, o Distrito Forestal, a quen lle dan as subvencións e fan moito esforzo por tela limpa.

Manifesta o Sr. López que falarei cos meus compañeiros, que colgaron o que se dixo no pleno.

Sinala o Sr. Alcalde que debemos ser coidados coas redes sociais. Teñen dereito a crítica, pero sen danos a terceiros. O concello non tiña porqué limpar nada que non sexa municipal, pero ás veces o facemos en beneficio da cidadanía. Non me gusta que me chamen mentireiro e esperaba as súas desculpas cando demostro que non minto.

Manifesta o Sr. López que polo que a min respecta, ten que perdoar. O problema foi a tardanza do concello en instar a limpeza da finca. Direi aos meus compañeiros que corrixan o erro.

Manifesta a Sra. Louro que non recordaba o publicado pero pido as miñas desculpas e agradecemos a quen limpou a finca.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2021/G010/000002

Acepta as desculpas o Sr. Alcalde.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as quince horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,
D. Mariano Iglesias Castro.